



Actividade: Actividades ou concursos
Procedemento: Accións de carácter cultural
Expediente número: 35/2026

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO CONCELLO DE AS NOGAIS ENTROIDO 2026

Primeira. Requisitos dos participantes.

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída, así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas na convocatoria. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo, a través dun poder asinado por todos os participantes.

Segunda. Obxecto

O obxecto dos premios a conceder a través da presente convocatoria é incentivar a participación cidadá no Desfile de Entroido de 2026, que se celebrará no centro sociocultural de As Nogais, a partir das 18:00 horas o día 17 de febreiro de 2026.

Terceira.- Contía dos premios.

A contía máxima dos premios é de 450 €, con cargo á aplicación orzamentaria 334.48942 do estado de gastos do orzamento municipal 2026.

Haberá 3 categorías no concurso e distintos premios, sendo estes os seguintes:

Categoría comparsa: 1º premio: 200 €, 2º premio: 100€, 3º premio: 50€

Categoría parellas: 50 € á mellor parella

Categoría individual: 50 € ao mellor individual

Enténdese por comparsa aqueles grupos formados por 3 ou mais persoas, 2 persoas enténdese parellas e 1 individual. (Referímonos a persoas que vaian disfrazadas, xa que por exemplo no caso de que algún neno/a queira participar na categoría de individual e teña que ir acompañado de algún adulto, só poderá ir disfrazado o neno, xa que se fora tamén o adulto o xurado entenderá que están participando na categoría de parellas).

Cuarta.- Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.

Os participantes deberán inscribirse ese mesmo día no centro social e deixarse un tempo para realizar as inscricións antes de que comece o concurso.

Quinta.- O xurado do concurso estará formado por 3 persoas que serán as que se encarguen de valorar cada unha das categorías. As puntuacións serán de 0 a 10 e valorarase a orixinalidade, simpatía, traballo realizado e posta en escena.





Sexta.- Os gañadores do concurso recibirán un cheque simbólico da concesión do premio. Para o outorgamento do mesmo deberán de formular a correspondente solicitude no rexistro xeral do Concello de As Nogais ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, xunto coa seguinte documentación:

-Certificado de titularidade bancario.

-Copia do N.I.F. do concursante ou proxenitor/a, titor/a ou representante legal, para o caso dos/as participantes menores de idade.

-Documento de concesión do premio.

Sétima.- A inscrición neste concurso supón a total aceptación das presentes bases.

